

COMPARAR O BIENIO REFORMISTA DA 2ª REPÚBLICA CO BIENIO ANTIRREFORMISTA:

A experiencia da 2ª República vai estar marcada durante 5 anos pola polaridade entre 2 grupos políticos contrapostos, os partidarios das reformas que consideraban necesarias para mellorar as condicións sociais, o avance na democratización e a modernización de España e as forzas contrarias a calquera reforma social e política que vían na República un perigo para os seus status ou para os seus principios. Durante o 1º Bienio a coalición gobernante de republicanos de esquerda e socialistas levarán adiante un ambicioso programa de reformas que serán rectificadas no 2º Bienio, cando as coalicións de Centro e Dereita da República se impoñan claramente, beneficiados pola división entre os republicanos de esquerda e socialistas (a Lei electoral permitía que quen acadara un 40% ou máis de votos obtiña un 80% dos representantes)

Podemos analizar: 1: Chegada ó poder. 2: Principais medidas de cada Bienio. 3: Principais acontecementos que marcaron o Bienio. 4: Factores que favoreceron a súa caída

1- Chegada ó poder

Primeiro Bienio republicano-socialista (1931-1933)

O goberno provisional, constituído o 14 de abril, día da proclamación da República, convocou eleccións xerais a Cortes Constituíntes para o 28 de xuño de 1931. As eleccións deron o triunfo á alianza republicano-socialista que conformaba a maioría do goberno provisional. Desapareceron os partidos liberais e monárquicos tradicionais e as forzas opositoras ó réxime aínda eran minoritarias e estaban escasamente organizadas. Como Presidente da República será proclamado Alcalá Zamora e como Presidente de goberno Manuel Azaña.

O seu principal obxectivo era a realización das reformas necesarias para paliar os problemas máis importantes cos que se atopa a 2ª República: a integración territorial, o problema relixioso, o problema agrario, o atraso de España nos ámbitos da cultura e da educación e un exército maioritariamente monárquico e conservador.

O Bienio Negro (novembro 1933-febreiro 1936)

As eleccións de novembro de 1933, as primeiras nas que votaron as mulleres, foron gañadas pola CEDA, Confederación Española de Dereitas Autónomas, unha coalición de dereitas liderada por Gil Robles, formada pola CEDA, e partidos non republicanos, Renovación Española, agrarios e independentes, cun total de 200 deputados.

O Presidente da República, Alcalá Zamora, nomeou xefe do goberno a Lerroux, líder do Partido Republicano Radical, que encabezaba unha coalición de republicanos de centro, 2ª forza máis votada con 170 deputados, que gobernou co apoio da CEDA. Os republicanos de esquerdas e os socialistas presentáronse por separado. O PSOE perdeu a metade dos seus escaños e os republicanos de esquerda quedaron case sen representación.

Avogaban pola revisión da Constitución, da lexislación laica e a paralización das reformas, especialmente as agrarias.

2- Principais Medidas de goberno

Primeiro Bienio republicano-socialista (1931-1933)

As primeiras medidas do goberno provisional intentaron mellorar as condicións de xornaleiros e traballadores, foron os decretos laborais (Decretos de laboreo forzoso, de termos municipais, Lei de xurados mixtos...). En canto as reformas, estas centráronse en 5 ámbitos: Reforma Agraria (expropiación con indemnización de terras mal cultivadas, de antigos señoríos... e creación do IRA, Instituto de reforma Agraria), Reforma territorial (Autonomías de Cataluña, País Vasco e Galicia), Reforma educativa (Misións Pedagóxicas, multiplicación do nº de escolas, Institutos de Secundaria e profesores, Instituto de Investigacións Científicas, emprego das linguas vasca, catalá e galega), Reforma relixiosa para crear un Estado Laico e diminuír a influencia da Igrexa Católica na sociedade e na educación (Liberdade relixiosa, extinción Xesuítas, fin do mantemento do culto e o clero, aprobación de medidas secularizadoras: matrimonio civil, divorcio, prohibición do ensino ós relixiosos...) e a reforma do exército (Abolición de Lei de xurisdicións, Xuramento de lealdade á República, Lei de retiro voluntario, redución de dicisións, Academias Militares, ascenso por antigüidade)

O Bienio Negro (novembro 1933-febreiro 1936)

As medidas tomadas polo goberno de Lerroux foron claramente contrarreformistas. A lexislación sociolaboral comezou a non ser respectada polos patróns. En canto ás reformas, a Reforma Agraria foi totalmente desmantelada coa anulación da expropiación das terras da alta nobreza, a liberdade total de contratación de xornaleiros, anulouse o decreto de termos municipais, co consecuente empeoramento das condicións de vida dos xornaleiros e agudizando as tensións sociais no campo. As Autonomías foron paralizadas, obstaculizaron a aplicación do Estatuto catalán, anulando a lei da Generalitat que permitía acceder á propiedade da terra ós campesiños arrendatarios de vides (rabassaires). Tralos sucesos de outubro de 1934, cando proclamaron o Estat de Cataluña dentro da República Federal Española, o Estatuto de Cataluña foi suspendido e o goberno da Generalitat, encabezado por Companys, foi encarcerado. Ademais atrasouse a discusión dos proxectos de Estatutos vasco e galego. Os créditos para a construción de escolas diminuíron. A lexislación laica e a substitución do ensino relixioso nas escolas quedou en suspenso. Aprobouse un presuposto para o culto e clero católico e iniciáronse negociacións para asinar un Concordato coa Santa Sé. A única reforma que non se modificou foi a Lei Azaña sobre o exército, limitáronse a colocar nos principais postos a militares de dereitas. Ademais aprobaron unha Lei de Amnistía que permitiu que o xeneral Sanjurjo e os seus colaboradores no intento de Golpe de Estado de 1932 abandonaran a prisión. Sanjurjo trasladouse a Portugal coa intención de liderar o Golpe de Estado que se produciu en 1936.

3- Principais acontecementos que marcaron o Bienio

Primeiro Bienio republicano-socialista (1931-1933)

En agosto de 1932 produciuse a **Subelevación do xeneral Sanjurjo**, un levantamento militar contra a República en Sevilla co apoio dalgúns militares, monárquicos e latifundistas andaluces. O goberno puido controlar a situación, encarcerar e xulgar ó xeneral. Como reacción foron aprobadas a Lei de Reforma Agraria e o Estatuto de Autonomía de Cataluña.

Os anarquistas, influídos pola “ximnasia revolucionaria” defendida pola FAI, protagonizaron insurreccións para acadar a revolución social, proclamando o comunismo libertario coa colectivización das terras. O máis trágico foi o acontecido en **Casas Viejas**, poboación onde se reprimiu de xeito sanguinario ós campesiños sublevados (os gardas de asalto e a Garda civil queimaron a casa, onde foron acurralados, con eles dentro, outros fusilados sen xuízo previo).

O Bienio Negro (novembro 1933-febreiro 1936)

A principal crise coa que se vai atopar o goberno de dereitas vai ser a **Revolución de outubro de 1934**, unha insurrección obreira orixinada polo acceso ó goberno de Lerroux de ministros da CEDA, pois os partidos de esquerda estaban convencidos de que Gil Robles quería destruír a República e temían unha represión semellante a exercida polo goberno de Austria contra socialistas e comunistas. A insurrección foi sufocada pola Lexión comandado por Franco, con máis de 2000 mortos e 30.000 detidos.

4- Factores que favoreceron a súa caída

Primeiro Bienio republicano-socialista (1931-1933)

A perda de popularidade do goberno e o desgaste da coalición republicano-socialista acelerouse pola repercusión de Casas Viejas. As dereitas acusaron a Azaña de ser o culpable da matanza, os socialistas cuestionáronse se debían seguir apoiando ó goberno, sobre todo polas duras medidas adoptadas para controlar o orde público, e Lerroux acabou por achegarse á CEDA. Tras perder apoios nas eleccións municipais de abril de 1933, Azaña dimitiu e Alcalá zamora nomeu un novo goberno, presidido por Martínez barrio co fin de convocar eleccións en novembro de 1933.

O Bienio Negro (novembro 1933-febreiro 1936)

O escándalo do estraperlo provocou unha forte crise e desprestixio do Presidente de goberno, Lerroux, quen dimitiu pola presión do Presidente da República, Alcalá Zamora, e tralo escándalo de malversación de fondos, caso Nombela, o Partido Republicano Radical caeu e foron convocadas eleccións para febreiro de 1936, (Alcalá Zamora non chama a gobernar a Gil Robles por medo de que actúe contra a República) Eleccións gañadas pola Fronte Popular, coalición de republicanos de esquerda e partidos obreiros, que retomará as reformas iniciadas no 1º Bienio.

COMPARAR O BIENIO REFORMISTA DA 2ª REPÚBLICA CO BIENIO ANTIRREFORMISTA:

1º BIENIO REFORMISTA. 1931-33		BIENIO ANTIRREFORMISTA (33-36)
Xuño de 1931	ELECCIÓN	Novembro de 1933
Coalición Republicano-Socialista	COALICIÓN GANADORA	Partido Radical de Lerroux apoiado pola CEDA de Gil Robles
Dereita minoritaria e non organizada	OPOSICIÓN	Socialistas, metade de escanos que en 1931. Republicanos de esquerda case inexistentes
Presidente República: Alcalá Zamora. Do goberno. Azaña	GOBERNO	Presidente República: Alcalá Zamora. Do goberno. Lerroux
Reformas necesarias para paliar os problemas máis importantes cos que se atopa a 2ª República: a integración territorial, o problema relixioso, o problema agrario, o atraso de España nos ámbitos da cultura e da educación e un exército maioritariamente monárquico e conservador.	OBXECTIVOS. PROGRAMA	Revisión da Constitución, da lexislación laica e a paralización das reformas, especialmente as agrarias.
	MEDIDAS	
Decretos de laboreo forzoso, de termos municipais, Lei de xurados mixtos...Lei contratos de traballo	DECRETOS LABORAIS	Non respectados nin polos terratenentes, nin empresarios. Despidos de sindicalistas UXT e CNT
Expropiación con indemnización de terras mal cultivadas, de antigos señoríos... e creación do IRA, Instituto de reforma Agraria, para designar terras a expropiar e dar préstamos a campesiños	REFORMA AGRARIA	Desmantelada: anulación da expropiación das terras da alta nobreza, a liberdade total de contratación de xornaleiros, anulouse o decreto de termos municipais (tensión social campo)
Concesión de Generalitat para Cataluña. Aprobación de Autonomía de Cataluña en 1932. Proxectos en País Vasco, Galicia.	REFORMA TERRITORIAL	Paralización de Autonomías. Anulación Lei de Generalitat sobre os rabassaires. Atraso da discusión de proxectos de P. Vasco e Galicia
Misións Pedagóxicas, multiplicación do nº de escolas, Institutos de Secundaria e profesores, Instituto de Investigacións Científicas, emprego de linguas vasca, catalá galega	REFORMA EDUCATIVA	Paralización da construción de escolas e da ampliación do nº de mestres.
Estado Laico. Liberdade relixiosa, extinción Xesuítas, fin do mantemento do culto e o clero. Medidas secularizadoras: matrimonio civil, divorcio, prohibición do ensino ós relixiosos...)	REFORMA RELIXIOSA	A lexislación laica e a substitución do ensino relixioso nas escolas quedou en suspenso. Aprobouse un presuposto para o culto e clero católico. Negociacións Concordato coa Santa Sé
Abolición de Lei de xurisdicións, Xuramento de lealdade á República, Lei de retiro voluntario, redución de dicisións... e das Academias Militares, ascenso por antigüidade.	REFORMA EXÉRCITO	Única reforma que non se modificou. Só se elixiron para os altos mandos a militares afíns ó goberno
	SUCESOS	
Sublevación de Sanxurxo Casas Viejas		Revolución de Outubro 1934
	CAÍDA	
Represión Casas Viejas. Perda eleccións municipais Fin Coalición republicano-socialista		Escándalos estraperlo e Nombela Alcalá Zamora non lle concede goberno a Gil Robles (perigo para a República)